

Convenio colectivo das/dos traballadoras/es da Confraría de Pescadores da Coruña (Ano 2005)¹

Capítulo I

Artigo 1º.-Ámbito territorial.

As normas deste convenio laboral serán de aplicación dentro da Confraría de Pescadores da Coruña.

Artigo 2º.-Ámbito funcional e persoal.

Este convenio afectará a totalidade dos traballadores da empresa indicada no artigo anterior.

Artigo 3º.-Ámbito temporal.

Este convenio entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2005, con independencia da data de publicación no diario oficial correspondente, mantendo a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2005, quedando prorrogado ata a súa substitución por outro convenio de igual ámbito e eficacia.

Artigo 4º.-Denuncia.

A denuncia deste convenio entenderase automática ao momento do seu vencemento, neste caso o día 31 de decembro de 2005; non obstante, a comisión negociadora do convenio constituirase 90 días antes do vencemento do convenio.

Artigo 5º.-Composición da comisión negociadora.

A mesa negociadora estará formada gardando unha paridade de 1:1 entre empresa e traballadores. Os traballadores estarán representados por:

a) O representante legal dos traballadores ao amparo do Estatuto dos traballadores (delegado sindical).

b) Aquelas persoas en calidade de asesores que determine o delegado de persoal.

A empresa estará representada por:

a) A persoa que teña a representación legal da confraría (patrón maior).

b) O representante da empresa que esta designe, para os efectos de asesor.

Na mesa negociadora estará presente o secretario, co obxecto de levantar as actas, con voz pero sen voto.

Capítulo II

Organización do traballo

Artigo 6º.-Concepto xeral.

A organización do traballo, con suxeición a este convenio laboral e á lexislación vixente, será potestade e facultade da dirección da empresa.

O representante ou representantes do traballadores terán funcións de información, orientación e proposta no relacionado coa organización e racionalización do traballo, de conformidade co establecido no Estatuto dos traballadores e demais lexislación viente.

Capítulo III

Clasificación do persoal

Artigo 7º.-Clasificación funcional.

a) Secretario-xerente.

b) Administrativo.

c) Poxador.

¹ Publicado no DOG núm. 63, do 4 de abril de 2005.

- d) Gardapesca-patrón embarcación vixilancia.
- e) Gardapesca marítimo.
- f) Comprador.
- g) Asistencia técnica en cultivos mariños.
- h) Auxiliar administrativo.

Artigo 8º.-Funcións dos traballadores.

As funcións e labores dos traballadores serán aqueles que neste convenio así queden establecidos, non podendo incorrer as funcións dos traballadores en faltas tipificadas nunha lei ou norma de maior rango a este convenio nin en delitos tipificados na lexislación española.

Capítulo IV

Funcións de cada posto de traballo

Artigo 9º.-Determinación das funcións laborais.

Nos seguintes parágrafos indícanse as funcións de cada traballador dentro do seu posto de traballo.

1. Secretario-xerente.

O secretario terá as funcións que lle atribúe o Estatuto da confraría. Terá, así mesmo, as funcións de tramitar, solicitar, expedir e, en definitiva, aquelas que, polo seu posto de traballo, precisen da súa sinatura, comparecencia ou trámite, como responsable administrativo. O xerente terá como funcións a levanza contable ou control da contabilidade, se é o caso, dirección de persoal, xestión dos trámites e procedementos xerados pola corporación velando polo normal funcionamento da confraría.

Así mesmo porá representar ante as administracións ou calquera outro organismo ao patrón maior de acordo coas instrucións que se lle indiquen.

2. O administrativo.

O administrativo será o encargado de realizar todo tipo de trámites administrativos, ademais daqueles que lle sexan encomendados polo secretario como responsable administrativo.

3. O auxiliar administrativo realizará todo tipo de trámites administrativos encomendados polo secretario-xerente como responsable administrativo.

4. Poxador.

O poxador será o encargado de realizar as funcións propias da lonxa (venta, expedición de guías de transporte, etc.), presentar os datos necesarios para a elaboración de albarás, con independencia dos trámites administrativos.

Manter en perfectas condicións de limpeza e hixiene o recinto da lonxa da confraría.

5. Comprador.

O comprador será o encargado de realizar as funcións da compra e posterior traslado de peixe que se adquira nas lonxas dos portos e posterior venda ás empresas que decida a confraría.

6. O gardapesca-patrón da embarcación de vixilancia.

O patrón da embarcación de vixilancia será o encargado da manipulación das embarcacións de vixilancia, así mesmo, será o encargado da organización do traslado dos e das mariscadoras aos ban

cos marisqueiros. Así mesmo, deberá procurar, polo bo mantemento destas, informando inmediatamente a empresa por escrito das necesidades tanto administrativas (rol, seguros, revisións, etc.) como mecánicas da embarcación.

A dita información figurará no parte de incidencias, que entregará diariamente na confraría para o seu posterior arquivo, e facer labores de vixilancia cando lle sexa encomendado pola dirección da confraría.

7. Gardapesca marítimo.

O gardapesca marítimo será o encargado de realizar as funcións de vixilancia das autorizacións administrativas, das zonas de libre marisqueo e das zonas onde debido á existencia de plans conxuntos de explotación traballen os asociados á Confraría de Pescadores da Coruña, que lle sexan encomendadas pola empresa.

Deberá, ademais, levar un control sobre certas accións como son a venda das capturas, os tamaños, os topes e, en definitiva, daquelas que lle sexan precisas para o bo desenvolvemento do seu labor. Deberá, así mesmo, emitir un parte de incidencias, que será entregado diariamente na confraría para o seu arquivo, ademais de facilitar á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos aquela información que lle sexa solicitada, co obxecto de cumprir a lexislación autonómica sobre pesca.

8. Asistencia técnica.

A/o técnico superior en cultivos mariños terá como funcións as que se atopan recollidas no convenio de colaboración asinado entre a confraría e a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

Capítulo V

Lugar de traballo e os seus posibles

Artigo 10º.-Lugar de traballo.

O lugar de traballo virá determinado polas funcións indicadas no artigo anterior, polo que se deduce que o lugar habitual de traballo dos gardas de pesca marítima será nas autorizacións administrativas e zonas de libre marisqueo da ría da Coruña e nos límites xeográficos da Confraría de Pescadores da Coruña ou nos establecidos nos plans de explotación onde participen os socios/as das nosa entidade, ao igual que o patrón da embarcación de vixilancia, do mesmo xeito o biólogo terá o seu lugar de traballo nas ditas autorizacións administrativas e de libre marisqueo; estes traballadores tamén teñen que realizar no seu traballo unha parte administrativa, entendéndose que esta será realizada na sede da confraría. O poxador terá como lugar de traballo a sede da empresa ou os lugares destinados para realizar xestións de lonxa, e o auxiliar administrativo e o secretario terán como lugar de traballo a sede da empresa, con independencia de que teñan que ausentarse desta co obxecto de realizar as xestións ou trámites que precise para a realización do seu traballo.

Artigo 11º.-Trocós do lugar de traballo.

Con independencia do enunciado no artigo anterior, entenderase por troco do lugar de traballo o troco que afecte substancialmente a situación do desempeño do traballo do traballador, polo que nesta situación tan só se atopan os gardas de pesca marítima e o patrón da embarcación de vixilancia que, por razón das súas funcións, poderán realizar as súas funcións habituais en diferentes situacións xeográficas (autorizacións administrativas, zonas de libre marisqueo, límites xeográficos da nosa confraría así como zonas recollidas nos plans de explotación onde traballen os nosos asociados.

Capítulo VI

Permisos e excedencias

Artigo 12º.-Permisos.

O traballador terá dereito ao goce de permisos sen ningunha perda económica e non sendo recuperable o tempo do permiso, nos seguintes casos:

- a) Defunción de familiares en primeiro grao de consanguinidade ou afinidade (tres días naturais) (incluídas parellas de feito).
- b) Defunción de familiares en segundo grao de consanguinidade ou afinidade (dous días naturais) (incluídas parellas de feito).
- c) Nacemento de fillos/as (tres días).
- d) Por matrimonio do traballador ou parella de feito (15 días naturais).
- e) Enfermidade de familiares en primeiro grao de consanguinidade que lles impida o normal desenvolvemento da súa vida ou que precisen da atención dunha terceira persoa (tres días).
- f) Asistencia ambulatoria do traballador, o tempo preciso para a realización da consulta, incrementada en 60 minutos antes da cita médica e 60 minutos despois da saída do consultorio, co obxecto de que o traballador teña tempo de asearse e trasladarse ao centro médico e volver ao posto de traballo, debendo presentar o traballador xustificante expedido polo médico ou, no seu defecto, polo centro médico no prazo de 24 horas.
- g) Asistencia médica especializada, será de aplicación o especificado no punto anterior para as consultas realizadas a menos de 15 quilómetros do centro de traballo; se o traballador tivese que desprazarse máis de 15 quilómetros do seu centro de traballo, deberá informar a empresa do tempo que precisará para a realización da consulta.
- h) Asistencia médica a fillos, aplícase o indicado nas letras f e g.
- i) O traballador terá, así mesmo, dereito ao goce daquelas horas que precise, co obxecto de dar cumprir a unha norma de maior rango que este convenio (como pode ser o acudir a un xulgado cando sexa citado, etc.).

Como norma xeral, cómpre engadir que o traballador comunicará inmediatamente como lle sexa posible que se ausentará do seu posto de traballo especificando a causa e presentando posteriormente

xustificante que así o acredite; especificar ademais que para as letras a) e b) cando o traballador teña que trasladarse a unha distancia superior a 100 quilómetros, estes permisos veranse aumentados nun día natural.

Artigo 13º.-Permisos sen soldo.

O traballador, así mesmo, poderá solicitar á empresa o goce de permisos que non se atopen enmarcados no artigo anterior, na contía máxima de sete días ao ano, solicitándoos cunha antelación de 15 días, non podendo ser gozados ao mesmo tempo por máis dun traballador da mesma categoría. Non se poderán gozar en menos de dous prazos nin coincidindo con pontes ou en prolongación de vacacións.

Capítulo VII

Seguranza, saúde e hixiene

Artigo 14º.-Seguranza no posto de traballo.

Será de aplicación o disposto na actual lexislación vixente sobre a materia, concretamente a Lei de prevención de riscos laborais, así como toda aquela que se vaia aprobando no ámbito temporal deste convenio.

Artigo 15º.-Recoñecemento médico.

Co obxecto de evitar posibles enfermidades derivadas da realización do traballo, a empresa concretará unha revisión médica completa (recoñecemento laboral), que se realizará de xeito anual e dentro da xornada laboral, incluíndo revisións xinecolóxicas.

Capítulo VIII

Retribucións

Artigo 16º.-Salario base.

Entenderase por salario base a retribución correspondente en cada unha das categorías profesionais a unha actividade normal durante a xornada de traballo fixada neste convenio.

1. O soldo base considerarase sempre referido á xornada legal establecida neste convenio.
2. Os/as traballadores gozarán, así mesmo, de dúas pagas extras: unha delas que a empresa aboará dentro da primeira quincena do mes de xullo, que terá a denominación de paga extra de verán, e outra que será aboada pola empresa dentro da primeira quincena do mes de decembro, e que terá a denominación de paga extra do Nadal. A súa contía será a do salario base, incentivo mensual máis antigüidade. As pagas extraordinarias poderán se rateadas nas nóminas mensuais.

Artigo 17º.-Complemento persoal de antigüidade.

Todos os traballadores, sen excepción de categorías, gozarán, ademais do seu soldo, dun complemento de antigüidade.

1. Establécese que o dito complemento se aboará de xeito mensual e se computarán cuatrienios (catro anos).
2. Establécese que os traballadores que atinxan o cuadrienio dentro dos primeiros 15 días do mes

recibirán o dito complemento na nómina do mes que atinxan os catro anos.

3. Establécese que a porcentaxe de cómputo para cada cuatrienio será do 5,5 por cento do salario base establecido.
4. Non poderá superar o 33 por cento do salario base.

Artigo 18º.-Complemento persoal de nocturnidade e complemento de festivo.

Todos os traballadores, sen excepción de categorías ou posto de traballo que desempeñe o seu labor en horario nocturno ou en festivo, gozará ademais do soldo base e os complementos a que teña dereito, de acordo co presente convenio, dun complemento persoal de nocturnidade e dun complemento de traballo en festivo.

1. Establécese que se considerarán horas nocturnas as realizadas entre as 22.00 e as 6.00 do día seguinte.
2. Establécese que a porcentaxe de incremento para as horas nocturnas se fixa nun 25 por cento sobre a hora normal ou diurna; sempre que se realice a xornada nocturna en máis dun 75 por cento das horas comprendidas entre as 22.00 e as 6.00 do día seguinte.
3. En festivos, o valor da hora será un 25 por cento superior ao valor da hora normal; non será acumulable ao de nocturnidade.

Artigo 19º.-Horas extraordinarias.

Supresión de horas extraordinarias. Realizaranse unicamente as horas derivadas de causas de forza maior, sendo aboadas ao prezo unitario por hora de 8,65 euros, debendo estar estas incluídas nas nóminas mensuais e en ningún caso se poderá adiantar o límite das 80 horas anuais. Logo de acordo entre empresa e traballadores, poderá compensarse en tempo por tempo, correspondendo cada hora extra a 1 hora e 15 minutos de descanso.

Artigo 20º.-Táboa salarial 2005.

A táboa salarial para o ano 2005 é a que se indica como anexo I. Establécese unha cláusula de revisión salarial de xeito que se o IPC real resultante ao 31 de decembro de 2005 é superior ao

IPC previsto para ese ano, incrementaranse todos os conceptos salariais na cantidade resultante desa diferenza.

Artigo 21º.-Situación IT.

Cando un traballador encadrado dentro deste convenio se atope en situación de IT producida por accidente de traballo ou enfermidade profesional, percibirá un 90 por cento da base de cotización desde o primeiro día da baixa. Cando a IT veña derivada de continxencias comúns, o traballador percibirá un 85 por cento da base de cotización a partir do trixésimo día.

Artigo 22º.-Xornada laboral.

A xornada laboral será de 40 horas semanais, respectando os descansos legais. Procurarase unha redución ás 37,5 horas semanais durante o período comprendido entre o 15 de xuño e o 15 de setembro.

1. Os días 24 e 25 e 31 de decembro, 1 de xaneiro e o día do patrón da confraría serán días laborables non recuperables.

2. Os horarios de traballo serán entregados aos traballadores que realizando traballo de gardapesca cunha antelación mínima de 15 días ao inicio da emprestación dos servizos, debendo os traballadores asinar o recibín da entrega do horario.

Artigo 23º.-Vacacións do persoal.

Todos os traballadores gozarán, con independencia dos permisos que lles correspondan, dun período vacacional preferentemente durante o verán, atendendo as necesidades específicas de cada un dos postos de traballo.

1. Establécese que todos os traballadores gozarán de 30 días naturais de vacacións por ano traballado ou a súa parte proporcional, que se fixa en 2,5 días por mes traballado.

2. Existirá un calendario de vacacións acordadas entre a empresa e o representante dos traballadores, que deberá estar exposto antes do final do mes de abril do ano para gozar as vacacións.

4. A retribución dos traballadores durante este período de vacacións será o salario base, incentivo mensual máis antigüidade.

Disposicións adicionais

Primeira.

A empresa facilitaralles aos traballadores, que por razón do seu traballo así o precisen ou que así o xustifiquen, o material de traballo necesario así como o uniforme debido.

Segunda.

A empresa facilitaralles aos gardas, de xeito anual, un uniforme completo de inverno (pantalón e camisa) e un de verán (pantalón e camisa). De forma anual, un par de botas; de forma bianual, un anorak completo e un xerse de inverno e outro de verán. Así mesmo, entregaralle ao patrón da lancha de vixilancia un uniforme ou funda de traballo de forma anual, botas de auga e roupa de augas. Ao poxador e ao vendedor, de forma anual, un uniforme ou similar e botas e roupa de augas.

A asistencia técnica, de forma anual, botas e roupa de augas, e, de forma bianual, un traxe de neopreno.

Terceira.

Ambas as dúas partes lembran que se ao longo da vixencia deste convenio se publicase algunha disposición que afectase o contido deste texto, convocarase con carácter inmediato a comisión

negociadora, co fin de adaptar o contido do convenio naqueles puntos que puidesen ser afectados.

Disposicións derradeiras

Primeira.

A empresa comunicará ao representante dos traballadores todos os trocos relacionados co aspecto laboral dos traballadores cunha antelación mínima de cinco días, e cando non sexa posible informarao inmediatamente cando teña coñecemento do troco ou variación producida.

Segunda.

Será de aplicación o establecido no Estatuto dos traballadores cando, por falta ou omisión neste convenio, non se atope establecido o contrario.

ANEXO I

Táboas salariais 2005

Categoría	Salario base mensual	Incentivo mensual
Secretario-xerente	1.250	120
Administrativo	950	120
Auxiliar administrativo	630	120
Gardapesca/patrón/ría	1.100	120
Gardapesca/patrón/percebe	900	200
Gardapesca base	731	200
Poxador	595	100

Comprador	1.581	100

A persoa contratada como asistencia técnica percibirá a retribución de acordo co convenio da confraría e coa Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.